

PEZA DO MES

maio

2026



**PLACA DE CINTO
AS CHÁS, OÍMBRA**

Placa de cinto. As Chás, Oímbra

Á luz das recentes intervencións nel acometidas, o «Conxunto Arqueolóxico da Ceada das Chás-Castelo de Lobarzán» desvelouse como un dos máis relevantes xacementos para o coñecemento da historia da comarca do Alto Támega transfronteirizo entre a Prehistoria Recente e a Idade Media.

Situado nun esporón cun amplo control visual sobre os vales de Búbal e Támega, o conxunto componse de dous outeiros –A Ceada (As Chás, Oímbra) e O Castelo (Vilaza, Monterrei), máis a valgada entre ambos, cunha liña de muralla que define un recinto de máis de 5 ha.

Fóra deste espazo amurallado, e aproveitando os abrigos naturais que ofrecen as formacións rochosas nas plataformas que o rodean, a ocupación durante o Calcolítico foi intensa, con abondosos achados materiais tanto cerámicos –os máis numerosos con decoración incisa tipo Penha– como líticos, para constatar co achado dun fondo de cabana na plataforma N do conxunto a súa condición como lugar de asentamento. Cómpre, amais, lembrar os distintos paneis de pintura rupestre localizados en varios corredores do chamado «Penedo do Gato»: de tradición esquemática, en cor vermella e elaborados sobre superficie granítica, reúnen características únicas en territorio galego.

Tras un demorado período de abandono –do que non consta ocupación na Idade do Ferro–, continúa a secuencia histórica deste espazo na tardorromanidade e, máis significativamente, en período xermánico. Alén de dúas campas de estola nunha pequena necrópole –que séculos máis tarde se verá completada con dous sartegos en rocha, un deles de tipo antropomorfo–, varias das estruturas localizadas que, por técnica construtiva e conxunto material, falan dunha ocupación en época visigoda. Con todo, é na Idade Media que este recinto terá un novo esplendor, coa fundación da fortaleza de Lobarzán.

Esta enmárcase dentro da «repoboación» do val do Támega; proceso de asimilación das localidades da comarca ás formas de poder institucional que, nesta terra, se inician en data serodia, a finais do século IX. Desde este momento irase organizando en «terras», que suporán a base da estrutura territorial e política dos séculos seguintes. Integrante daquela maior da Limia, a terra de Baronceli (documentada desde o ano 931) artellará o val do alto Támega, sen que

fose tampouco un espazo unitario, senón dividido en varias terras menores, sendo as de maior testemuño histórico as de Cabreira (Cabreiroá, Verín) e esta de Lobarzán, rexidas por cadansúa fortaleza.

Lobarzán aparece por primeira vez nas fontes escritas nun documento do *Tombo de Celanova* redactado en 982. A fortaleza estaríase construíndo en simultáneo; unha análise de mostras orgánicas permitiu datar a construción da muralla que envolve o conxunto –para a cal se anulou unha liña de muro xermánico– no ano 996. Arqueoloxía e fontes escritas van así da man, como testemuño do nacemento deste recinto defensivo no último cuarto da décima centuria. A súa creación terá servido para unha dupla función: articular a terra que rexía –que abranguía a marxe occidental do val do Támega, penetrando en territorio portugués ata as inmediacións de Chaves–, pero tamén para garantir a defensa ante eventuais perigos externos. A cronoloxía e características da peza aquí presentada remiten a este momento inicial da fortaleza.

O seu achado aconteceu na primavera de 2024 na paraxe da Boca do Souto, a uns 500 m ao sur do Castelo, da man de José Antonio Quintas, quen contactou coa equipa de arqueólogos ante a constatación de que se trataba dunha peza de notable entidade. Consiste en puridade nun conxunto de dous elementos, xa que a placa foi localizada en compañía dun segundo obxecto: un bolaño en pedra granítica que cabe interpretar como destinado a proxectil de tirafonda polas súas dimensións (5 cm de diámetro) e ao feito de estar notablemente pulido para atinxir unha forma case perfectamente esférica.

O compoñente principal do conxunto é esta peza metálica elaborada en bronce dourado, cunhas dimensións de 51 x 42 mm. Funcionalmente, parece corresponderse cunha placa de cinto, considerando a presenza de tres orificios circulares practicados no seu lado dereito (dos cales o inferior está deteriorado, por falta de material nese punto); no lateral esquerdo a peza está incompleta e interrómpeuse á altura do motivo decorativo, de tal maneira que non se conserva o elemento que servía para o peche. Nunha perspectiva técnica, presenta factura a molde, practicándose no anverso os riscos que caracterizan as figuras mediante incisión.

A peza atinxe un alto nivel de calidade artística, cunha representación moi minuciosa e naturalista dos elementos que constitúen a composición: unha escena de equitación e cetrería na variedade máis

prestixiosa desta, a *altanería*, con recurso a falcón. Significativo é o tratamento que reciben tanto a rapaz, que o xinete porta na súa man esquerda e da que se aprecia perfectamente a plumaxe, como o cabalo. Neste, o ourive conseguiu plasmar tanto a natureza do animal (con especial coidado na representación da crina e da cola) como a presenza de todos os aditamentos precisos para a práctica da equitación, en que se contan arreos, bocado e estribos, alén de distintos elementos ornamentais.

O xinete, porta na súa man dereita e máis adiantada un elemento non identificado (talvez un olifante ou corno triunfal e algún tipo de disco; talvez unha representación de sol e lúa). A figura humana, porén, ten tratamento desigual: a vestimenta amosa un alto nivel de realismo (aprécianse os pregues na faldra e as costuras laterais da camisa, así como o remate en pico do colo), contrastando coa representación facial moi esquemática, apenas constituída por unha serie de liñas incisivas que marcan o nariz e a boca e uns ollos tallados en améndoa.

Completan a decoración da placa elementos vexetais que transmiten a idea dunha escena de caza na natureza, coa inclusión de arbustos de follas lanceoladas na pata traseira do equino e na moldura dereita da peza. Por último, os espazos libres de composición enchen o baleiro cun repuxado minucioso.

Á calidade da peza acompaña o singular da escena, cunha actividade propia da alta sociedade aristocrática ou militar. A composición facial do xinete, pola súa parte, en absoluto pode atribuírse á falta de pericia do ourive (como o amosa o minucioso da representación dos restantes elementos) senón que ha de responder a unha forma de tabú na figuración humana. Suxire isto unha orixe islámica para a peza, en que se procura non tanto identificar un persoeiro específico como plasmar unha imaxe simbólica do gobernante.

Non se coñece, para o ámbito islámico penínsular, ningunha outra representación deste mesmo motivo elaborada sobre metal. Esta iconografía si ten paralelos en pezas de marfil, material prezado en que se tallaron escenas similares de caza equitada con cetrería para ornato das paredes ou tampas de arquetas ou ben de recipientes cilíndricos –as coñecidas como píxides–. Atribúese a estas pezas unha orixe andalusí e, cronoloxicamente, unha factura entre os séculos X e XIII, se ben para as representacións máis similares á desta placa –caso da arqueta do mosteiro de Leyre, ou ben da

inventariada co núm. 10-1866 no Victoria&Albert Museum–, apúntase unha elaboración por volta do ano 1000 ou mesmo anterior.

Se ben debe imporse a cautela –pois a peza pode ter chegado a esta terra por vía do testemuñado comercio de luxo con Al-Andalus–, esta cronoloxía amirí e o feito de que xunto á placa fose localizado o proxectil de tirafonda alimenta a tentación de trazar unha liña recta que una ambos datos a algún tipo de contexto bélico, vinculándoos as incursións musulmás coñecidas para o noroeste peninsular, con destaque para as protagonizadas por Almanzor. As tropas andalusí terían chegado, conforme esta hipótese, ante os muros dunha fortaleza de Lobarzán erixida apenas décadas antes.

Sexa como teña sido, o recinto amurallado sobreviviu a este episodio e mesmo á fundación de Monterrei en 1260, e alcanzou as últimas décadas da Idade Media. A nova poboación instituída polo rei Afonso X pasará a ser cabeza de terra e aglutinar nela as institucións de poder –caso de xuíces ou notarios– pero o antigo castelo de Lobarzán non só se manterá en pé senón que mesmo será reformado no último terzo do século XIII. Foron reconstruídas nese intre a torre e a muralla que rodea o patio de armas, plataforma de 1160 m² na que destaca un edificio singular de historia prolongada: construción romana do século I d. C. –unha posible torre de vixía–, recibiu un pavimento illante interno en época visigoda –a fins do VII– para finalmente ser incorporado ao castelo medieval coa función de depósito de augas pluviais.

Aínda que a súa fundación antecedeu por século e medio a independencia portuguesa, esta última fase debe vincularse coa actividade na fronteira. A creación de Monterrei e Oímbra tivo resposta do rei portugués: Afonso III deu privilexios a Santo Estêvão de Chaves (pouco despois beneficiará a propia cidade flaviense) e fundará Monforte de Rio Livre e Montalegre. A situación estratéxica de Lobarzán motivou, neste contexto, a súa reforma para reforzo da raia no val do Támeiga.

O final da fortaleza chegará cos conflitos sucesorios ao señorío de Monterrei, sendo destruída nos litixios entre Xoán e Pedro de Biedma na década de 1460 para nunca máis ser reedificada. Remata así o percorrido deste conxunto arqueolóxico, en cuxa longa e atribulada historia a presenza desta placa de cinto engadiu unha nova e significativa páxina.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono: 988 788 417

Horario de visita:

De martes a sábado: das 9.00 ás 21.00 h ininterrompido

Domingo: das 9.00 ás 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaro, s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Víctor Rodríguez Muñiz

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco